

EXPEDIENTE	2025070722
ASUNTO	MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO E EVENTUAL
TRÁMITE	PROPOSTA DE ACORDO

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial, celebrado o 26/12/2025, apróbase definitivamente o orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio 2026, xunto co cadro de persoal e relacións de postos de traballo de persoal funcionario, laboral, eventual e directivo.

Resultando que en data 16/02/2026 o deputado delegado de persoal propón modificar o cadro de persoal e relacións de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Provincial, co obxecto de introducir os cambios que se detallan a continuación, por omisións que se produciron na súa elaboración:

1. Modificación do cadro de persoal e a RPT do Centro Príncipe Felipe

En data 20/01/2026 quedou vacante unha praza e posto de traballo de oficial/a xardineiro con motivo da xubilación do titular, polo que o centro Príncipe Felipe propón a súa amortización para crear con cargo a esta, unha praza e posto de traballo de oficial/a albanel, debido á necesidade de dispor de persoal propio que se encargue do mantemento das instalacións, especialmente no que se refire ás tarefas de novas cimentacións, revestimentos interiores e exteriores, enfoscados, colocación de chans, encofrados, reparacións para a restauración de espazos, etc.

Por tal motivo, procede modificar o cadro de persoal e a RPT de persoal funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe, co fin de amortizar unha praza de oficial/ xardineiro, do subgrupo c2, con posto de traballo de igual denominación, dotado co nivel 17 de complemento de destino, e crear con cargo a esta amortización unha praza de oficial/a albanel, do mesmo subgrupo, asociado a un posto de traballo de igual denominación, nivel de CD e Específico.

Así mesmo, en compensación da amortización anterior, tendo en conta que quedou vacante unha das prazas do proceso selectivo de promoción interna de oficiais de servizos varios, do subgrupo C2, vinculada a un posto de traballo de igual denominación adscrito ao Centro Príncipe Felipe, propónse a súa transformación nunha praza e posto de traballo de oficial xardineiro, do mesmo subgrupo e idéntica retribución, co obxecto de completar o proceso de reclasificación do persoal do grupo inferior e adaptar á clasificación da praza ás funcións que se están a desenvolver.



2. Cambio de adscripción dun posto de traballo de condutor/a

En atención ás necesidades do servizo, procede cambiar a adscripción dun posto de traballo de oficial/a condutor/a, do subgrupo C2 que se atopa vacante en Secretaría Xeral, Unidade do Parque de Móbil, e integralo no Servizo de Cooperación, debido aos desprazamentos que debe realizar o persoal técnico para o control e seguimento da execución das obras subvencionadas.

3. Rectificación de erro no complemento de destino de dous postos de traballo

Advertido un erro no cadro da RPT de persoal funcionario adscrito ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais na transcripción dos niveis de complemento de destino en dous postos de traballo, de nova creación no grupo B; procede a súa rectificación, no senso que onde di. *"Técnico/a operacións topográficas, nivel 23"*, e *"xefatura de negociado delineación e topografía, nivel 22"*; debe dicir: *"técnico/a operacións topográficas, nivel 22"*, e *"xefatura de negociado delineación e topografía nivel 23"*.

4. Cambio denominación dunha praza destinada á Estación Fitopatolóxica de Areiro

Tras quedar vacante unha praza de Biólogo/a, do subgrupo A1, pola xubilación da persoa titular, propónse a súa transformación nunha praza de técnico/a superior fitopatólogo, coa finalidade de non limitar o acceso a esta titulación e permitir outras que correspondan a esta rama de actividade.

5. Asignación da dedicación ao posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur

No orzamento provincial do ano 2026 creouse unha praza de enxeñeiro/a de camiños para a reclasificación do persoal do subgrupo A2, con posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación da zona Sur, dotado co nivel 26 de complemento de destino e sen o factor dedicación dentro do complemento específico, cando o posto de traballo de nivel inferior tiña recoñecido o factor dedicación; por tal motivo procede asignar ao novo posto de traballo, do subgrupo A1, a dedicación dentro do complemento específico e suprimilo no posto do subgrupo inferior, manténdose as mesmas retribucións en todas as xefaturas de sección que se dedican as labores de Conservación e Explotación.

6. Creación de catro prazas de oficial/a de infraestruturas e servizos para reclasificar persoal do grupo E

Como continuidade do proceso de reclasificación das prazas do grupo E iniciado no orzamento do ano 2024, procede crear catro prazas de oficial/a de infraestruturas e servizos, do subgrupo



C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con cargo a cinco prazas de operario/a especialista, do grupo E, con posto de traballo de peón camiñeiro/a, nivel 14, por equiparación de colectivos que veñen desenvolvendo as mesmas funcións. Ditas prazas créanse sobre outras do grupo E que se declaran a extinguir unha finalizado o correspondente proceso selectivo para así non duplicar a consignación orzamentaria.

7. Cambio do nivel nun posto de traballo do Servizo de Medio ambiente

Ao quedar vacante en data 05/02/2026 o posto de traballo de xefatura de negociado de medio ambiente, nivel 22, con motivo da xubilación do titular, procédese a súa transformación nun posto de traballo de administrativo/a, con nivel 20 de complemento de destino, ante a posibilidade de que se cubra proximamente con persoal interino.

8. Cambio de denominación dunha praza e posto de traballo de Novas Tecnoloxías

Por unificación de prazas de idéntico contido no Servizo de Novas Tecnoloxías, transformase unha praza e posto de traballo de técnico/a informático GIS, do subgrupo C1, nunha praza e posto de traballo de técnico/a informático/a, do mesmo subgrupo de clasificación e igual retribución.

9. Cambio de redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á provisión de postos de traballo

Co propósito de aclarar a redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á forma de provisión dos postos de traballo, substitúese a redacción inicial pola seguinte: *As convocatorias por concurso ou libre designación efectuaranse con carácter interno. A Corporación reservase o dereito de poder abrir as de libre designación a outro colectivo de funcionarios/as naqueles postos que figuren cun asterisco (*)*.

10. Modificación da RPT de persoal eventual

Dada actividade que se lle atribúe ao posto de traballo de persoal eventual de xefatura de prensa da Vicepresidencia, procede incrementar a actual dotación económica nun total de 3.600 €, pasando de 48.467,17 €/ano a 52.067,17 €/ano, debido a súa dispoñibilidade e tempo de dedicación efectiva, que supera o previsto para a xornada laboral ordinaria, a asunción de maiores responsabilidades para o seguimento de expedientes que dependen desta área, a organización e coordinación das relacións institucionais, preparación e asistencia a reunións etc., actividades que aumentaron considerablemente nos últimos meses e se estima que continúen ao longo do ano.



Resultando que en data 13/02/2026 reuniuse á Mesa xeral de negociación, na que se expón a proposta da Administración e explícanse as modificacións que se pretenden incorporar no cadro de persoal e nas relacións de postos de traballo, as cales se recollen na documentación entregada xunto coa convocatoria.

Resultando que as prazas de nova creación obxecto de reclasificación que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán a súa situación de orixe e serán amortizadas.

Considerando que segundo o disposto no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, de acordo co previsto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

Considerando que así mesmo, os artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL, artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, e artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, pola que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL), atribúen ó Pleno da Corporación Provincial a organización da Deputación, así como a aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo a través do orzamento provincial.

Considerando que respecto ao persoal eventual, o artigo 104 da LRBRL sinala que o número, características e retribucións do persoal eventual determinárase polo Pleno de cada Corporación, ó comezo do seu mandato. Estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais, entendéndose incluídas tamén o das súas modificacións.

Considerando que a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal funcionario que se propón fundamentase na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos citados artigos, así como na adaptación da estrutura de persoal ás necesidades reais existentes nos distintos centros e servizos.

Considerando que conforme ao indicado no artigo 126.3 do TRRL a modificación do cadro de persoal durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.

Considerando que neste sentido, o artigo 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que a



aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo seguirá os mesmos trámites que a aprobación do orzamento, os cales se describen neste mesmo artigo e seguintes, 169 e 170, o que require aprobación inicial, exposición ao público por período de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, e aprobación definitiva, debendo, non obstante, terse en conta o artigo 202 da Lei 2/2015, que fixa un prazo de información pública non inferior a vinte días.

Considerando canto antecede, vistos os informes que obran no expediente, **PROPONSE** ao Pleno da Corporación Provincial:

PRIMEIRO: modificar o cadro de persoal e as relacións de postos de traballo de persoal funcionario, nas cales se introducen os cambios que se detallan a continuación:

1. A amortización dunha praza de oficial xardineiro, do subgrupo C2, con posto de traballo asociado de oficial/a xardineiro, nivel 17, adscrito ao Centro Príncipe Felipe, a cal quedou vacante pola xubilación da persoa titular.
2. A creación dunha praza de oficial albanel do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Centro Príncipe Felipe, para poder atender as labores de conservación e mantemento das instalacións.
3. A transformación dunha praza de oficial/a de servizos varios, creada no orzamento 2025 para reclasificación do persoal operario/a, nunha praza de oficial/a xardineiro/a para poder completar dito proceso e así adaptar á clasificación da praza ás funcións que se están a desenvolver.
4. A integración dun posto de traballo de oficial/a condutor/a, do subgrupo C2 que se atopa vacante en Secretaría Xeral, Unidade do Parque de Móbil, no Servizo de Cooperación para que se encargue dos desprazamentos que debe realizar o persoal técnico para o control e seguimento da execución de obras subvencionadas.
5. A rectificación do erro detectado en dous postos de traballo do grupo B, de nova creación no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais ao transcribir os niveis de complemento de destino; no senso que onde di: "*técnico/a operacións topográficas, nivel 23*", e "*xeftura de negociado delineación e topografía, nivel 22*"; debe dicir: "*técnico/a operacións topográficas, nivel 22*", e "*xeftura de negociado delineación e topografía nivel 23*".
6. A transformación dunha praza de biólogo/a do subgrupo A1, nunha praza de técnico/a superior fitopatólogo, coa finalidade de non limitar o acceso a esta titulación e permitir outras que correspondan a esta rama de actividade.



11. A asignación do factor dedicación ao posto de traballo de xefatura de Sección de Conservación e Explotación zona Sur, do subgrupo A1 nivel 26, con cargo á eliminación deste subconcepto retributivo no posto de traballo do subgrupo inferior, vinculado a unha praza de enxeñeiro/a técnico/a, que neste orzamento contemplouse a reclasificar.
12. A creación de catro prazas de oficial/a de infraestruturas e servizos, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, con cargo a catro prazas de operario/a especialista, do grupo E, con posto de traballo de peón camiñeiro/a, nivel 14, as cales se declaran a extinguir unha finalizado o proceso selectivo de reclasificación, para non duplicar a consignación orzamentaria. As prazas que queden desertas e non se cubran tras a celebración do correspondente proceso selectivo retornarán a súa situación de orixe e serán amortizadas.
13. A transformación dun posto de traballo de xefatura de negociado de medio ambiente, de nivel 22 de complemento de destino, nun posto de traballo de administrativo/a, nivel 20, ante a posibilidade de que se cubra proximamente con persoal interino.
14. A Transformación dunha praza e posto de traballo de técnico/a informático GIS, do subgrupo C1, nunha praza e posto de traballo de técnico/a informático/a, do mesmo subgrupo de clasificación e igual retribución, por unificación de prazas con idéntico contido.
7. A substitución da redacción da clave utilizada nos cadros da RPT na columna relativa á forma de provisión dos postos de traballo, que queda como segue: *"As convocatorias por concurso ou libre designación efectuaranse con carácter interno. A Corporación reservase o dereito de poder abrir as de libre designación a outro colectivo de funcionarios/as naqueles postos que figuren cun asterisco (*)"*.

SEGUNDO: modificar a relación de postos de traballo de persoal eventual para asignar ao posto de xefatura de prensa da vicepresidencia unha retribución total anual de 52.067,17 €, pola asunción de maior dedicación, funcións e responsabilidades.

Considerando canto antecede, informase favorablemente a proposta do deputado delegado de persoal de modificación do cadro de persoal e relacións de postos de traballo da Deputación Provincial nos termos expostos.

Asinado dixitalmente ao marxe.

